

23 Maio 2005

Victorino Pérez presentará o mércores un novo libro

Redacción / Ferrol

Victorino Pérez Prieto presentará o vindeiro día 25 de maio, as 20.00 horas, na galería Sargadelos, o seu último libro que leva por título "Contra a síndrome NNA (Non hai ningunha alternativa). Unha aposta pola esperanza" editado por Xerais.

O libro, froito dos quince anos de escrita, recolle textos reelaborados a partires dos publicados en diversos xornais entre eles o "Diario

de Ferrol".

A publicación preséntase coma un camiño de esperanza nun mundo gobernado polo pensamento único e global e no que prima a ideoloxía neoliberal e o sistema económico do mercado total.

Ante esta sociedade, o cura e escritor Victorino Pérez propón unha alternativa "á confianza radical en que a auténtica globalización é a da fraternidade e o amor solidario" segundo se destaca na contraportada do libro.